

## ORDENANZA REGULADORA DA AUTORIZACIÓN DE USO DE INMÓBEIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POR PARTE DE GRUPOS DE CIDADÁNS.

### CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

#### Artigo 1. Obxecto

É obxecto desta ordenanza regular os dereitos, as obrigas e as condicións en que os usuarios poderán utilizar os bens inmóbeis do Concello de Culleredo, sexan de natureza patrimonial ou de servizo público, sexan da súa propiedade ou sobre os que ostente algún tipo de dereito que lles permita ceder o seu uso, para a celebración de festas.

### CAPÍTULO II. UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POR PARTE DE GRUPOS DE CIDADÁNS

#### Artigo 2. Beneficiarios

Poderá ser beneficiario da utilización de locais municipais para a celebración de festas os veciños de Culleredo maiores de idade.

No caso de que o local municipal sexa utilizado exclusivamente por menores de idade a solicitude deberá ser asinada polo pai, pola nai ou polo titor dun deles, que asume as obrigas que corresponden ao beneficiario.

**Artigo 3.** O beneficiario será responsable directo dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos asistentes, por acción ou omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o Concello.

**Artigo 4.** O Concello non se responsabiliza das actividades que se realicen nos locais cedidos cando os compromisos asumidos pola persoa solicitante sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a este/a e ao grupo que representa as consecuencias dos seus actos.

**Artigo 5.** Horarios de uso: Ata as 00:00 h, no caso de grupos formados por persoas de ata 16 anos e as 02:00 h, no caso de maiores de idade.

**Artigo 6.** Grupos mínimos: O Concello só facilita os locais municipais para celebracións de grupos<sup>1</sup>

- na antiga escola de Celas (de 1 a 40 persoas),
- no galpón da Torre de Celas (de 1 a 100 persoas), e
- na planta baixa do Centro Social "O Noso Lar" Tarrío (de 1 a 100 persoas)

**Artigo 7.** Prazo para a solicitude. As solicitudes para facer uso dos locais municipais poderán formularse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración da festa e non poderá facerse o pedimento con antelación superior a 2 meses.

**Artigo 8.** As solicitudes suxeitaranse á dispoñibilidade de datas que o Concello poida ofertar en cada un dos locais, quedando facultado o Concello para utilizar o sistema de concesión que estime oportuno, que pode ser o caso de sorteo no suposto de presentación de multiplicidade de solicitudes para un mesmo local e na mesma data.

**Artigo 9.** A orde de preferencia solicitada non implica obriga para o Concello, que poderá facultar a cesión do xeito máis conveniente para

<sup>1</sup> Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 29/10/2015 (BOP núm. 20 do 01/02/2016)

os intereses públicos.

**Artigo 10.** O Concello queda facultado para denegar a cesión no suposto de solicitantes que teñan antecedentes de incidentes no uso dos locais municipais, sen prexuízo de reclamar o custo das reparacións que procedan.

**Artigo 11.** Obrigas dos beneficiarios:

- Coidar a instalación que o Concello deixa utilizar gratuitamente.
- Utilizar a instalación para o fin solicitado, que será a celebración dunha festa.
- Manter un comportamento cívico no uso do local
- Non consumir alcohol no recinto cedido no caso de que as persoas sexan menores de idade.
- Non consumir drogas no recinto cedido
- Non facer ruído que moleste aos veciños e ás veciñas da zona, nin utilizar os exteriores dos recintos cedidos na celebración, de xeito que os/as poida perturbar.
- Responsabilizarse dos danos que pola actividade que se autorice, calquera membro do grupo cause no inmovible, aboando ao Concello as reparacións que correspondan.
- Devolver o local limpo logo da celebración.
- Non sobrepasar o tempo estipulado para o uso do local.
- Non facer venda de ningún tipo de produto.
- Non cobrar entrada ás persoas asistentes.
- Non sobrepasar na celebración a capacidade máxima establecida para cada casa.
- Atender os requirimentos que fagan as autoridades públicas ou os corpos de seguridade, de xeito que poidan suspender ou limitar as condicións de uso da casa por motivos xustificadas.

**Artigo 12.** Condicións para a solicitudes

Antes de formular a solicitude deberá consultarse a dispoñibilidade dos locais nas oficinas municipais.

O/A solicitante deberá presentar a solicitude no modelo establecido para elo (anexo I), que atopará no Concello e na súa páxina web: [www.culleredo.org](http://www.culleredo.org), debidamente cuberta, na oficina da Casa do Concello ou a través da sede electrónica <http://sedeelectronica.culleredo.es/>

A adxudicación das datas será preferentemente por orde de entrega, unha vez consultada a súa dispoñibilidade.

No caso de concorrencia de varias solicitudes, establécese o seguinte baremo:

- Terán preferencia os mozos e as mozas de 15 a 30 anos
- Preferencia persoas que non utilizasen a casa durante o ano en curso.

- Preferencia aos grupos máis numerosos.
- No caso de haber dúas ou máis solicitudes con idénticas características, realizarase un sorteo entre elas.

**Artigo 13.** Procedemento de recollida e entrega de chaves. As chaves dos locais só poderán ser recollidas polo solicitante o mesmo día da celebración. Os días laborábeis, na oficina da Casa do Concello a partir das 12:00 h ata as 14:00 h. De 15:00 h en diante o lugar de recollida será na Policía Local ou Protección Civil. Os días non laborábeis: a partir das 13:00 h na Policía Local.

A entrega das chaves realizarase na Policía Local antes das 8:00 h do día seguinte a utilización e despois desa hora e ata as 12:00 h na Casa do Concello. Se fose día non laborábel, a entrega farase nas dependencias da Policía Local ou de Protección Civil.

No momento de entrega das chaves, o solicitante asinará unha declaración na que fará constar o estado no que se deixou a casa, que poderá ser obxecto de inspección polo concello para verificar a súa veracidade.

### **CAPÍTULO III. INFRACCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR**

Artigo 14. Das infraccións. Terán a consideración de faltas leves:

- Incumprir as obrigacións descritas e vulnerar as prohibicións establecidas nesta Ordenanza por parte dos usuarios, cando non resulten tipificadas como falta grave ou moi grave.
- Tratar incorrectamente a calquera usuario ou ao persoal que realice funcións no centro.
- Causar danos no material ou equipamento do inmóbel cando o importe do seu resarcimento non exceda de 100 euros.
- Ocasionar alborotos ou calquera outra acción, non prevista como grave ou moi grave, que perturbe aos veciños

**Artigo 15.** Terán a consideración de faltas graves

- Alterar a convivencia nos distintos espazos e servizos do centro, así como o seu funcionamento cando supoña o impedimento do uso dun servizo ou espazo público.
- O mal trato de palabra ou obra a outros usuarios ou persoal dependente do centro.
- Causar danos no material ou equipamento do centro cando o importe do seu resarcimento ascenda a unha cantidade entre 100 e 300 euros.
- Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
- Deixar a sala, unha vez concluída a actividade, en condicións distintas de limpeza e orde ás que se cedeu.
- A falta de comunicación dos danos producidos por un mesmo.

**Artigo 16.** Terán a consideración de faltas moi graves

- A obstrución do normal funcionamento do centro.
- Impedir o uso do inmovible a outras persoas con dereito á súa utilización.
- Utilizar o espazo cedido para prácticas diferentes ás autorizadas.

- Causar danos ao edificio ou a calquera das súas instalacións, equipamentos e os seus elementos por importe superior a 300 euros.
- A agresión física e/ou o acoso físico e psicolóxico cara ás persoas que están a facer uso dos centros, así como ao persoal que traballa nos mesmos.
- Alterar intencionadamente os datos relativos á identidade, idade ou calquera outro relevante e a suplantación da identidade.

**Artigo 17.** Das sancións.

As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento por escrito ou a perda temporal da condición de beneficiario por un período de quince a noventa días, segundo a consideración do acto.

As infraccións graves serán sancionadas coa perda da condición de beneficiario por un período comprendido entre noventa días e tres anos e, en caso de danos, coa reposición do material ou limpeza do danado.

As infraccións moi graves serán sancionadas coa perda da posibilidade de obter a condición de beneficiario por un prazo de tres anos ata a perda desta condición de forma definitiva, e en caso de danos, coa reposición do material ou limpeza do danado.

**Artigo 18.** Para a gradación da sanción para aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración de infraccións: dúas leves suporán unha grave e dous graves unha moi grave.
- A existencia de intencionalidade do infractor.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

**Artigo 19.** Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado e esixido ao infractor ou a quen deba responder por el.

**Artigo 20.** Serán responsábeis directos das infraccións os seus autores materiais, no caso de menores responderán civilmente por eles quen teña a súa custodia legal. Se a infracción cométena varias persoas, responderán todas elas de forma solidaria.

**Artigo 21.** Serán responsábeis solidarios dos danos os solicitantes de ocupación do centro, no caso de que non se poda identificar aos responsábeis directos das infraccións.

**Artigo 22.** Procedemento sancionador.

No caso de incumprimento das normas establecidas nesta Ordenanza, poderase incoar expediente sancionador nos termos do artigo 127 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e pola normativa vixente na materia.